

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 02/12/2024  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/12/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25 de novembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/4497**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa para a captación de socios, o día 7 de decembro de 2024, en horario de 9:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/4498**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispato Gelmirez nº 36, os días 5, 6, 7, 20, 21, 23, 24, 27, 28, 30 e 31 de decembro de 2024 e os días 3, 4,

5 e 6 de xaneiro de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas, así como a instalación dunha pulpeira no exterior do local os mesmos días, en horario de 13:00 a 18:00 e de 20:00 a 23:00 horas).

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para música os días 5, 6, 7, 20, 21, 24, 27, 28 e 31 de decembro de 2024 e os días 3, 4, 5 e 6 de xaneiro de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 23:30 horas e para a instalación da pulpeira para os mesmos días, no horario solicitado. Non se concede autorización nin para a música nin para a pulpeira os días 23 e 30 de decembro de 2024.

Deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/4499**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Lameiro Barreiro, en representación de Asociación Galega de Linfedema AGL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, para a celebración dun rastrillo navidello, o día 11 de decembro de 2024, en horario de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/4514**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Jesús Alegría Alonso, en representación de Alegría Activity SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República (colocación unidade móbil - autobús) así como unha conexión eléctrica, os días 17 e 18 de marzo de 2025, para a instalación do proxecto itinerante de Fundación La Caixa e o programa educativo EduCaixa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado na beirarrúa que daba fronte á antiga Comandancia, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2024/4515**

Dáse conta do escrito presentado por D. Nicolas Michell R. Peiteado Padilla, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Manuel Antonio nº 12 (fronte ao Bar Helice) para poñer unha pulpeira, os sábados, ata o 31 de decembro de 2024, ocupando aproximadamente 3 ou 4 m<sup>2</sup>, en horario de 11:00 a 16:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2024/4583**

Vista a solicitude de Dona Margarita Ansias Varela, en representación de ANPA DR. FLEMING e visto o informe da Policía Local acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, o sábado día 14 de decembro de 2024, en horario de 17:00 a 20:00 horas para a realización dun baile benéfico destinado a recadar fondos para a asociación e facer unha colecta de xoguetes en beneficio da Fundación Amigos de Galicia, así como a colaboración municipal coa instalación dunha tarima elevada e unha cadeira tipo trono para Papá Noel, un par de mesas con media ducia de cadeiras, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza

Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Comunicáselle que será por conta do solicitante o control do aforo da instalación municipal solicitada. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/4585**

Dáse conta de Informe do Xefe do Servizo de Obras e Vías Públicas, no que se indica:

Que no presente ano, estaba prevista a execución da obra destinada á reparación do tellado da Casa do Concello, co obxectivo de reparar as filtracións de auga que se están producindo en diversos puntos do edificio.

A execución desta obra foi aprobada en X.G.L o día 28 de outubro de 2024.

Para levar a cabo estas reparacións, será necesaria a instalación de andamios na fachada do edificio. Sen embargo, a duración das obras poderían variar en función das condicións climáticas.

Tendo en conta que o ano está rematando e que na fachada da Casa do Concello colócanse diversas decoracións con motivo do Nadal, consideramos que o máis axeitado é pospoñer o inicio dos traballos a xaneiro do próximo ano.

Esta decisión permitirá realizar as reparacións de maneira máis eficiente, evitando interferencias coas actividades e eventos propios do Nadal.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aprazamento da realización das obras para xaneiro de 2025.

#### **PRP2024/4602**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maruxa Elena Chapela Bouzas, en representación da Asociación de Veciños de A Escardia, solicitando a reparación da canalización do río de La Tripera (Regato do Facho), así como indicando a súa preocupación polas posibles inundacións con motivo das obras realizadas no entorno por parte de ADIF.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito a Augas de Galicia e ADIF aos efectos oportunos.

#### **PRP2024/4606**

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, como presidente da Asociación de Veciños Fonte da Coca solicitando a publicación do traballo realizado por parte dunha empresa especializada na catalogación do arborado existente no parque da Coca e ademais se comprobe o o estado actual das diversas especies arboreas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao Sr. Rey Muñiz que poderá examinar o informe existente nas dependencias municipais (Departamento de Medio Ambiente), de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

## **BENESTAR SOCIAL**

## **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2024/4590**

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do recoñecemento de obriga da 2º liquidación de 2024 en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes:

Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (68 prazas): 30.600,00 €

Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán (71 prazas): 31.950,00 €

PROXECTO PLAN CONCERTADO 2024/3/CCRTE/1/1 ESCOLAS INFANTÍS (partida 323.22611).

#### **PRP2024/4591**

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga da 2º liquidación de 2024 (en réxime de cofinanciamento do centros de día xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguinte importe:

Centro de Día de Vilagarcía de Arousa (14 prazas): 17.500,00 €, con cargo á partida 231.22611.

PROXECTO PLAN CONCERTADO 2024/3/CCRTE/1/1: CENTRO DE DIA

#### **PRP2024/4592**

Vista a proposta dos Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 3º trimestre do ano 2024.

Mes de XULLO: 56.520,39 €

Mes de AGOSTO: 53.674,25 €

Mes de SETEMBRO: 55.080,24 €

Regularizacións período 01/01/2024-31/03/2024: 01/04/2024-30/06/2024: - 3.919,04€

Total nómina neta 3º trimestre: 161.355,84 €

Total devengado: 161.355,84 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/4595**

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de NOVIEMBRE 2024,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

- Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

- Atención educativa: 14.812,69€

- Comedor: 5.942,09€

-Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de:

- Atención educativa: 9.052,97€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, acorda arobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de novembro 2024.

- Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de novembro 2024: 29.807,75€, con cargo á partida 323.48007.

## EMPREGO

### PRP2024/4523

Como se ven facendo nos últimos anos, na contorna da Praza independencia, integrándose coa Aldea de Nadal, no Nadal 2024 o Concello instalará as casetas municipais que serán postas a disposición dos vendedores e artesáns.

PRIMEIRA. Tal como se fai constar nas Bases, As Casetas instalaranse na Praza da Independencia. Instalaranse 8 casetas de madeira de titularidade municipal de 5 m<sup>2</sup> cada unha.

Dotación das Casetas Municipais: Iluminación e toma de corrente, extintores, así como dos elementos mínimos precisos para a exhibición dos produtos (estanterías).

- Farase reserva dalgunha caseta para ONGs, Fundacións ou outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a fins sociais e sen fin de lucro.

O uso das casetas, asignarase de acordo coa distribución que determine o Concello.

- No caso de alimentos, especialmente dos elaborados artesanalmente, estes deberán contar co rexistro sanitario correspondente a cada produto obxecto de venda; as persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos e cumprir coa normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como aos instrumentos utilizados para a súa elaboración. Defínense como alimentos artesáns os tradicionais no período de Nadal (turróns, polvoróns, mazapáns....).

A autorización de uso da caseta municipal, de acordo co establecido nas presentes bases, non prexulga calquera outra autorización ou licenza que sexa preceptiva.

SEGUNDA. Terán preferencia os produtos seguintes:

- Artigos relacionados co Belén tradicional e Papá Noel así como adornos para a decoración da árbore de Nadal.

- Decoración de Nadal: Luces, grilandas, adornos, instrumentos musicais típicos de Nadal, etc.

- Alimentos: Comidas (doces e salgadas), bebidas frías e quentes así como produtos de repostería típica da época de Nadal, valoraranse as que sexan de elaboración artesanal.

A Comisión de valoración municipal estimará a posibilidade de venda de calquera tipo de artigo neste apartado, e terá, en todo caso, facultades para rexeitar a venda de calquera artigo que considere competencia desleal respecto do comercio local.

TERCEIRA. As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía a través dos medios telemáticos habilitados no portal web <https://sede.vilagarcia.gal> (procedemento/formulario de solicitude: 50005) ou a través do Rexistro oficial de calquera outra administración, neste último caso o solicitante deberá comunicar, na mesma data na que presente a súa solicitude mediante correo electrónico remitido á dirección [tle@vilagarcia.gal](mailto:tle@vilagarcia.gal), a presentación da devandita solicitude.

As solicitudes poderán achegarse dende as 00:00 h do 2 de decembro, ata as 23:59 horas do día 15 de decembro do 2024, de acordo cos modelos que se publicarán como (ANEXOS).

Só poderá presentarse unha solicitude por cada interesado o que dará opción a unha única caseta, sen que sexa posible usar a persoas físicas ou xurídicas interpostas para optar a máis dun posto.

-No caso de que se solicite máis dun posto, só se atenderá á primeira solicitude que conste no rexistro municipal, desestimándose o resto de solicitudes achegadas.

- Información telefónica: 986.099.200 ext. 219 / 220

- Mail: [tle@vilagarcia.gal](mailto:tle@vilagarcia.gal); [jquintans@vilagarcia.gal](mailto:jquintans@vilagarcia.gal)

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar e publicar as bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda nas casetas Municipais de Nadal 2024 situadas na Praza da Independencia.

**PRP2024/4584**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do presente contrato e o subministro e instalación de alumado eficiente na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.

O orzamento base de licitación é a seguinte:

Presupuesto base de licitación sin IVA:	14.862,32€
IVA (21%)	3.121,09€
Presupuesto base de licitación con IVA:	17.983,41 €

Solicitaronse orzamentos ás seguintes empresas:

- FELIX Y VIÑAS SLU
- TECNOGALL SL
- IDELNOR PROYECTOS GESTIÓN Y SERVICIOS SL

Transcorrido o prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, deuse traslado das recibidas ao Xefe do Servizo de electricidade e iluminación público do Concello de Vilagarcía para emisión de informe, no que fai constar o seguinte:

Revisadas as ofertas remitidas, emítase a valoración seguinte:

ILDENOR PROYECTOS, GESTIÓN Y SERVICIOS SL:

Criterios a valorar	
Prezo	1,56 puntos
Mejora suministro plazo	0 puntos
TOTAL	1,56 puntos

FELIX Y VIÑAS SLU:

Criterios a valorar	
Prezo	0 puntos
Mejora suministro plazo	0 puntos
TOTAL	0 puntos

TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL:

Criterios a valorar	
Prezo	40 puntos
Mejora suministro plazo	0 puntos
TOTAL	40 puntos

Unha vez revisadas as ofertas, considerase que a formulada pola empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL é a mais vantaxosa en relación calidade-prezo para a administración contratante, polo que procede a adxudicación do contrato á empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL , nos termos que constan na proposta e orzamento remitidos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e a adxudicación do

presente contrato de Subministro e instalación de alumeado eficiente na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, á empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL , por contía de 17.911,47 €(IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 4311.6270018.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/4285**

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de estantes para a Axencia de Lectura de Carril, por un importe total de 1.923,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.62500.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/4593**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales), para o subministro de 20 cadeiras Rythmes & Sons SIE - 1349 cadeira para músico orquestra, por un importe total de 7.441,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.635.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2024/4569**

En data 30/10/2024, o técnico de Turismo, Javier Villaronga, emitiu informe no que sinala “que o 13/06/2024 a empresa presenta ao Concello a solicitude dunha subvención para celebración do Atlantic Fest 2024. A xunta de Goberno Local do 08/07/2024 acorda concederlle unha subvención de 50.000 €, para o que se asina, polas dúas partes, o convenio correspondente.

A previsión de gastos e ingresos presentada xunto coa solicitude de subvención alcanzaba os 680.800 €, tanto en ingresos como en gastos.

Logo da celebración do festival, presentaron a xustificación, a través da plataforma <https://vilagarcia.cluber.es>, correspondente á subvención concedida.

Á vista da documentación presentada, enténdese:

- cumprido o obxectivo do convenio, que era o fomento de Vilagarcía de Arousa como lugar idóneo para a celebración de concertos multitudinarios, que provocan a chegada dunha grande cantidade de público que xera un forte impacto económico
- e está correctamente xustificada a subvención outorgada”.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga polo importe de 50.000 € a New Live Promociones Culturales, S.L., con cargo á partida 432.470.



## CULTURA

### PRP2024/4586

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de setembro de 2024 acordou aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2024, celebrado os días 12, 13, 14 e 15 de setembro de 2024.

Dáse conta do informe da Concellería de Cultura e vista a documentación xustificativa presentada, así como o informe favorable da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada xustificación e o recoñecemento de obriga a favor da Entidade Revenidas SC polo importe de 45.000 €, con cargo á partida 334.479.

### PRP2024/4598

Con motivo do desfile da Cabalgata de Reis, o vindeiro día 5 de xaneiro de 2025, abrese o prazo para que todas/os nenas/os do noso municipio poidan participar no mesmo, acompañando os Reis Magos nas súas carrozas así como nas carrozas de agasallos repartindo caramelos ao público asistente nas distintas rúas.

- Prazo de inscrición: do 9 ao 18 de decembro.

- Número de participantes 60: 24 prazas Carrozas Reis Magos (de 7 a 9 anos) e 36 prazas Carrozas Agasallos (de 10 a 15 anos).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o modelo de solicitude de participación nas distintas Carrozas que forman parte do Desfile de Cabalgata 2024, para a súa publicación tanto na sede electrónica do Concello como na web municipal.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/4504

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de autorización do proxecto modificado e o reinvestimento da baixa de adxudicación no financiamento de parte do incremento do orzamento da actuación "Humanización Rúa Aquilino Iglesia Alvariño", cun orzamento base de adxudicación de 260.475,33 € (IVE incluído), que supón un incremento sobre o orzamento de adxudicación inicial da obra de 86.546,54 €, quedando o cadro de financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

Anualidade	Orzamento de adxudicación do modificado	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	260.475,33	78.755,18	0,00	181.720,15
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	260.475,33	78.755,18	0,00	181.720,15

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2024/4601

Visto o expediente de gasto INT/2024/567 integrado pola relación de xustificantes F/2024/153 por importe de 2.965,68€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/153 por importe de 2.965,68€ coa seguinte desagregación:

Nº	de	Nº	de	Fecha	Importe	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
----	----	----	----	-------	---------	----------	-----------	------	-------------------

Entrada	Documento	Dto.	Total				
F/2024/5958	Emit - 9	01/09/2024	1.186,27	4312	202	PANADERIA A-ESPIÑEIRA, S.L.	ARRENDAMIENTO DE PARTE COMERCIAL DE 124 METROS CUADRADOS DEL INMUEBLE SITO EN RUA AVELINA NOGUEIRA, Nº23 PARA EMPLAZAMIE
F/2024/6817	2024 Emit - 10	01/10/2024	1.186,27	4312	202	PANADERIA A-ESPIÑEIRA, S.L.	ARRENDAMIENTO DE PARTE COMERCIAL DE 124 METROS CUADRADOS DEL INMUEBLE SITO EN RUA AVELINA NOGUEIRA, Nº23 PARA EMPLAZAMIE
F/2024/7598	2004 Emit - 11	01/11/2024	593,14	4312	202	PANADERIA A-ESPIÑEIRA, S.L.	ARRENDAMIENTO DE PARTE COMERCIAL DE 124 METROS CUADRADOS DEL INMUEBLE SITO EN RUA AVELINA NOGUEIRA, Nº23 PARA EMPLAZAMIE
		TOTAL	2.965,68				

### PRP2024/4603

Visto o expediente de gasto INT/2024/544 integrado pola relación de xustificantes F/2024/143 por importe de 4.766,61€.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/143 por importe de 4.766,61€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/2024/5326	F 241384	08/08/2024	2.904,00	338	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Programas de 48 páxinas interiores a 4/4 tintas + portadas a 4/4 tintas. Encuadernación a caballete con 2 grapas. SAN RO
F/2024/5881	Emit-20240091	01/09/2024	363,00	338	22602	VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN S.L.-PONTEVEDRAVIVA	Publicación dun banner/botón (roubapáxinas dobre 300x300) do Concello de Vilagarcía de Arousa, no xornal dixital ""Pontev
F/2024/5976	2241038053	31/08/2024	900,00	338	22602	UNIPREX, S.A.U.	EMISORA:PONTEVEDRA OCR; REF.EXTERNA::ORDEN:1772018032;AN UNCIANTE:CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA;MARCA:DIFUSIÓN SAN ROQ
F/2024/6152	Emit- 604	30/08/2024	229,90	338	22699	INTERMACO, S.L.	M3 ARENA 04 ( ORDE DE COMPRA 16768 RESPONSBLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS ) / SACO CARGA ( ORDE DE COMPRA 16768 RESPONSABLE
F/2024/6733	151-1-09/86	30/09/2024	6,35	338	22609	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	Estropajo Froiz acero inoxidable pack-3 / Estropajo Froiz fibra verde 16x12 pack-4 / Vajillas Fairy ultra original 615ml
F/2024/6931	1195 241206803	04/10/2024	363,36	338	22699	BAYGAR, S.L.	VALLA CERRAMIENTO MOVIL 3,50x2,00 REFORZADA HOMOLOGADA / PIE BASE PLASTICO 22kg PARA VALLA CERRAMIENTO MOVIL / BASE PLAS
		TOTAL:	4.766,61				

### PRP2024/4604

Visto o expediente de gasto INT/2024/569 integrado pola relación de xustificantes F/2024/154 por importe de 2.789,81€.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/154 por importe de 2.789,81€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/2024/6961	00579	30/09/2024	805,00	231	22799	LAGO CASCALLAR, PEDRO	PRESTACIÓN SERVICIOS PODOLOGÍA COMO ACTUACIÓN COMPLEMENTARIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
F/2024/7697	10/24	04/11/2024	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DE SERVICIOS PRESTADOS POR LETRADA MARÍA PÉREZ PADDRÓN NA ÁREA DE IGUALDADE CORRESPONDENTE A OCTUBRE 2024
F/2024/7738	00565	31/10/2024	943,00	231	22799	LAGO CASCALLAR, PEDRO	PRESTACIÓN SERVICIOS PODOLOXÍA COMO ACTUACIÓN COMPLEMENTARIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

		TOTAL	2.789,81				
--	--	-------	----------	--	--	--	--

**PRP2024/4607**

Visto o expediente de gasto INT/2024/550 integrado pola relación de xustificantes F/2024/144 por importe de 17.122,82€.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/144 por importe de 17.122,82€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
